



CONVOCATORIA DE AXUDAS Á INTERNACIONALIZACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (2023)

A Universidade da Coruña co fin de fortalecer a súa dimensión internacional, dedica unha parte dos seus orzamentos propios a apoiar accións idóneas para mellorar de xeito significativo o seu nivel de internacionalización. Tendo en conta a experiencia precedente e o impacto das axudas concedidas en edicións anteriores, nesta convocatoria enténdese que o modo óptimo de xestionar o orzamento dispoñible consiste en vincular a concesión das axudas á demostración da súa ligazón directa a proxectos concretos, relacionados coa estratexia de internacionalización da universidade, ou polo menos dotados, xa no momento de presentar a solicitude, cun nivel de elaboración que acredite a súa viabilidade.

Desde estas coordenadas, as axudas da presente convocatoria teñen como obxectivo: Acción I) Cooperar coa organización de eventos e reunións que constitúan traballos previos á presentación dunha solicitude de financiamento á Unión Europea dun proxecto de internacionalización nalgunha das súas convocatorias; Acción II) Cooperar coa organización de eventos e reunións dirixidas ao establecemento ou seguimento de titulacións internacionais oficiais conxuntas ou duplas na oferta de títulos da UDC; Acción III) Cooperar co establecemento de intercambios docentes estables no marco dos programas de docencia en inglés, que sirvan ao mesmo tempo para fortalecer as relacións con socios estratéxicos da universidade e para mellorar as competencias internacionais dos docentes que participan nestes programas. Acción IV) Organizar ou participar en cursos para a proxección internacional da UDC no estranxeiro no marco da ISS. Acción V) Axudas para a docencia e a proxección internacional da UDC en Latinoamérica.

1. OBXECTIVOS

Os obxectivos desta convocatoria son os seguintes:

- Mellorar o índice de éxito das solicitudes de financiamento nas que participa a UDC para proxectos internacionais presentadas nas convocatorias máis importantes organizadas pola Unión Europea.
- Apoiar o deseño e a implantación de titulacións duplas, múltiples ou conxuntas internacionais de grao e posgrao.
- Apoiar o desenvolvemento e a calidade dos programas de docencia en inglés na UDC.
- Mellorar a proxección internacional da UDC a nivel global, con especial atención en Latinoamérica.

2. FINANCIAMENTO

Esta convocatoria finánciase por un importe total de 24.000,00 €, con cargo ás partidas orzamentarias: 08.00.08.13 422D 48101 (23.000,00 €) para PDI e 08.00.08.13 422D 48201 (1.000,00 €) para PAS, sen prexuízo de que este importe puidera ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.



As axudas rexidas por esta convocatoria consisten en axudas para o desprazamento do persoal docente e investigador (PDI) e do persoal de administración e servizos (PAS) da UDC, ou ben nunha contribución para cubrir parte dos gastos de desprazamento, aloxamento e manutención dos beneficiarios das axudas que realicen as actividades correspondentes á Acción a que se opte. No caso de que non haxa candidatos suficientes nun dos sectores ou accións, as axudas poderánselles conceder a solicitantes doutro sector ou acción.

As axudas estarán suxeitas á retención prevista pola lei.

A concesión das axudas realizarase por orde de recepción ata que se esgote a asignación orzamentaria.

O reparto inicial de fondos por Accións será o indicado a continuación, sen prexuízo de que en caso de existir un remanente en algunha das Accións, poida aplicarse a financiar axudas dalgunha das outras Accións.

Unha contía de 5.000€ (4.000€ para PDI e 1.000€ para PAS) dedicarase a financiar as axudas das Accións I e II. Esta cantidade gastarase conforme se vaian concedendo as axudas sen reservar cantidades específicas para ningunha delas.

A Acción III ten reservada unha contía de 7.000,00 euros para PDI, que se gastarán de conformidade cos criterios establecidos nas normas reguladoras desta.

A Acción IV ten reservada unha contía de 3.000€ para PDI, que se gastará de conformidade cos criterios establecidos nas normas reguladoras desta.

A Acción V ten reservada unha contía de 9.000€ para PDI, que se gastará de conformidade cos criterios establecidos nas normas reguladoras desta.

Para calquera das accións previstas nesta convocatoria, os beneficiarios das mesmas (persoal da UDC), será o que deberá presentar a xustificación dos gastos nos que incorreu con facturas ao seu nome.

Ademais, a aceptación da axuda implica que as persoas beneficiarias deberán achegar documentación gráfica (fotografías, capturas de pantalla, etc.) que poderá ser empregada para a difusión internacional da UDC, así como as correspondentes memorias de realización da actividade.

Para os efectos do cálculo da axuda final, os máximos para xustificar os conceptos de aloxamento e manutención nas Accións I, II, e V serán os correspondentes aos publicados no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e normativa autonómica nesta materia. No caso das Accións III e IV serán as recollidas no Anexo A.

3. REQUISITOS XERAIS

As persoas solicitantes deberán formar parte da nómina da Universidade da Coruña nalgunha das categorías de persoal da UDC, PAS laboral ou funcionario, ou ben pertencer aos corpos docentes universitarios establecidos na LOU, nalgunha das figuras recollidas no Decreto 266/2002 do 6 de setembro de contratación de profesorado, percibindo as súas retribucións con cargo ao capítulo I dos orzamentos da UDC) en servizo activo nun centro propio da UDC. Esta condición deberá ostentarse tanto no momento da solicitude da axuda, como no momento en que teña lugar a execución da axuda.

4. DOCUMENTACIÓN

A persoa solicitante deberá presentar a documentación seguinte.

- Impreso de solicitude (anexo 1 para as Accións I e II; anexo 2 para a Acción III; anexo 3 para a Acción IV e anexo 6 para a Acción V)
- A documentación acreditativa que se detalla en cada acción.

5. SELECCIÓN

Se fose preciso darlle prioridade a algunhas solicitudes dentro de cada acción, daráselles a aquelas que:

- No caso da Acción I, presenten un proxecto ou teñan relación cun grupo de universidades e institucións que xa se sometese nalgunha ocasión precedente a unha convocatoria de internacionalización da Unión Europea.
- No caso da Acción II, se refiran á modificación ou xestión de asuntos relativos a unha titulación internacional xa existente na UDC; ou, no seu defecto, que garden relación coa proposta de titulación que se atope nun estado máis avanzado de elaboración.
- No caso da Acción III terán preferencia os centros que posúan máis dun programa en inglés e, no seu defecto, os que oferten un número maior de créditos.
- No caso da Acción IV terán preferencia os candidatos que non teñan recibido outra axuda no marco dalgunha das outras accións da presente convocatoria.
- No caso da Acción V terán preferencia as persoas solicitantes que traten de implementar intercambios virtuais ou para reforzar os que xa se teñan previamente implantados con universidades latinoamericanas.

6. COMISIÓN DE SELECCIÓN

As axudas serán concedidas por unha comisión composta polas seguintes persoas:

- Pilar García de la Torre, vicerreitora de Internacionalización e Cooperación



- Evaristo Zas Gómez, director da Oficina de Relacións Internacionais
- Begoña Crespo García, adxunta de Proxección Internacional e Política Lingüística
- Técnico Superior da Ori

7. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

Publicarase a resolución nos 20 días posteriores á recepción da solicitude no Rexistro da UDC.

As resolucións publicaranse na páxina web da ORI e serán comunicadas por correo electrónico ás persoas solicitantes.

A Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, como responsable desta convocatoria, publicará na páxina web da ORI a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados polo VIC coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa desta convocatoria.

A publicación dos datos persoais relacionados coa tramitación desta convocatoria, será autorizada polos beneficiarios, no termos previstos nesta convocatoria e conforme co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

8. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán notificar a súa aceptación ou renuncia mediante un escrito (anexo 4).

No marco das Accións I e II, no caso de renuncia, a axuda poderá ser adxudicada a outro solicitante ao que se lle denegase a axuda en aplicación dos criterios sinalados no punto 5, sempre que cumpra os requisitos establecidos na convocatoria.

No caso da Acción III, as renuncias das persoas beneficiarias suporán a posibilidade de propoñer por parte do centro afectado ou do coordinador do curso unha nova persoa adxudicataria da axuda.

O prazo para a aceptación ou renuncia será de 5 días a partir da comunicación a través de correo electrónico. De non o facer nese prazo entenderase que renuncia á axuda.

9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As accións realizaranse desde o día seguinte da publicación da convocatoria ate o 30 de outubro de 2023. A persoa beneficiaria comprométese a:



- Declarar a concesión de calquera axuda recibida para os mesmos efectos e o seu importe. Este importe será restado ao montante da axuda previsto nesta convocatoria.
- Remitir, no prazo dun mes desde a finalización da actividade, e en calquera caso antes do 6 de novembro de 2023 a seguinte documentación:
 - Certificado de fin de estadía (Anexo 5)
 - Breve memoria das actividades realizadas e dos resultados obtidos conforme ao modelo do anexo 7 desta convocatoria.
 - Xustificación dos gastos en execución da axuda: acompañaranse as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, conforme co Regulamento de facturación, aprobado por Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, e a documentación que acredite o seu pago, de acordo co establecido no artigo 48 do Regulamento de subvencións de Galicia. Os gastos deben estar relacionados directamente coa axuda recibida. As facturas serán ao nome do adxudicatario da axuda, a quen corresponde tamén acreditar o seu pagamento. Non será necesario presentar facturas ou documentos de gastos de manutención.
 - No caso das Accións I e II é preciso, ademais, entregar en igual prazo probas documentais e audiovisuais que acrediten a realización da actividade para a que se lle concedeu a axuda. Será obrigatoria a entrega cando menos dunha acta asinada da reunión.
 - Entrega de documentación gráfica acreditativa (fotos, vídeos, etc.).

10. INCUMPRIMENTOS

A persoa beneficiaria comprométese a cumprir con todas as normas desta convocatoria e especialmente coas obrigas sinaladas no apartado anterior. No caso de incumprimento deberase devolver o importe da axuda.

As circunstancias de forza maior non se consideran como causa que xustifique non reintegrar o importe total da subvención asignada sempre e cando exista a posibilidade de pospoñer a mobilidade dentro dos prazos xerais e demais normas incluídas na presente convocatoria, co acordo da institución de destino e notificando o cambio á ORI.

11. PAGAMENTO

O pagamento das axudas farase por transferencia bancaria. O pagamento do 80% desta tramitarase no momento de aceptar a concesión.

- Para o caso de estadía no estranxeiro, o pagamento do 20% restante, ou da parte correspondente, tramitarase unha vez xustificada a estadía no centro de destino nos termos establecidos no apartado 9. O cálculo total farase tendo en conta os costes reais da viaxe e aloxamento (mediante presentación das correspondentes facturas, billetes de autoestrada ou quilometraxe, no seu caso).



- Para o caso de visitas á UDC, o 20% restante, ou da parte correspondente, aboarase unha vez xustificada a realización das actividades e dos gastos nos que se incorreu, nos termos establecidos no apartado 9.

Para os efectos do cálculo da axuda final, no caso das Accións I, II e V os máximos para xustificar os conceptos de aloxamento e manutención serán os correspondentes aos publicados no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón del servicio e normativa autonómica nesta materia.

12. COMPATIBILIDADE

Estas axudas son compatibles con calquera outra para os mesmos efectos. Porén, no caso de recibir outra axuda para a mesma actividade, a axuda concedida nesta convocatoria limitarase ao importe resultante de restar ao previsto na convocatoria o montante da outra axuda recibida polo/a solicitante.

13. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes conta desde o día seguinte á publicación desta convocatoria ate o 15 de outubro de 2023.

As solicitudes presentaranse preferentemente polo rexistro electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register), no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus de Elviña (trasladado temporalmente ao Campus da Zapateira 15071, A Coruña) ou do campus de Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo, Campus de Esteiro, 15403 Ferrol).

Asemade, poderán presentarse en calquera dos rexistros que indica o artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a ORI publicará na súa web (<https://www.udc.es/gl/ori/>) a relación das actividades e a identidade da(s) persoa(s) beneficiaria(s), ou, de ser o caso, as actividades excluídas e a causa da súa exclusión, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes, que conta a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da UDC.

14. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas



no que respecta ao tratamento de datos persoais e á la libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal. A solicitude dunha destas axudas na Universidade da Coruña implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das axudas.

Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumpriran o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais. A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001. A Coruña ou ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, xunto cunha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Para máis información:
Oficina de Relacións Internacionais
Casa do Lagar
Campus de Elviña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Tel: 981 167 000 (ext. 1951)

Correo electrónico: ori1@udc.es

A Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Pilar García de la Torre

ACCIÓN I

PREPARACIÓN DE PROXECTOS PARA PRESENTAR ÁS CONVOCATORIAS DA UNIÓN EUROPEA

1. OBXECTIVO

Durante o período 2021-2027, a Unión Europea está a destinar unha cantidade moi importante do orzamento inicial ao financiamento de proxectos de internacionalización das institucións de educación superior do EEES. Moitos dos programas incluídos nas Accións Clave do Erasmus+ teñen precisamente este obxectivo. Isto é o que sucede cos proxectos de mobilidade para educación de adultos, as alianzas estratéxicas no campo da educación, as alianzas de coñecemento, e as distintas accións do programa Jean Monnet, en que poden participar institucións de educación superior como a UDC. A información relativa a estas convocatorias pódese consultar en <http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/>.

A participación da UDC xunto con outras universidades e institucións nestas convocatorias e a concesión dun número importante de axudas constitúe un expediente ideal para conseguir o importante financiamento que se precisa para impulsar de modo decisivo a internacionalización da universidade. O impulso que se pode acadar con estas axudas contribuiría de xeito sobresaínte a mellorar a calidade do persoal da UDC involucrado nelas, o servizo que a universidade presta á sociedade, e a imaxe, o atractivo e a posición da UDC nos ámbitos nacional e internacional.

2. PROPOSTAS

Poderá propoñer unha axuda das que recolle esta Acción I calquera membro do PDI ou do PAS, departamento, servizo, grupo de investigación ou organismo da UDC que:

- A) Teña previsto organizar ou asistir a unha reunión para preparar a presentación dunha solicitude de concesión dun proxecto dentro dalgunha das accións de internacionalización do programa Erasmus+ da Unión Europea, nas convocatorias correspondentes ao ano 2023.
- B) Necesite financiamento para organizar ou asistir a unha reunión para a execución dun proxecto que xa merecese a concesión dunha axuda nalgunha das accións ou programas anteriores nos anos 2021 ou 2022, sempre que non se poida cargar algún dos gastos cubertos por esta convocatoria ao propio orzamento do proxecto.

Só se concederá unha axuda por centro para cada proxecto/destino.

3. TIPOS DE AXUDA

A) Axuda para o desprazamento do persoal da UDC ao centro de destino; os gastos elixibles serán gastos de viaxe, aloxamento e manutención. O importe máximo da axuda será o seguinte

DESTINO	IMPORTE
España e Portugal	400 €
Escandinavia, Polonia, Romanía, Hungría, Bulgaria, Turquía e Países Europeos ao leste destes últimos	1000 €
Resto de países de Europa e Norte de África	800 €
América	1500 €
Asia, Oceanía, África Sur	1700 €

B) No caso das axudas para a organización de reunións na UDC, os gastos elixibles serán gastos de viaxe, aloxamento e manutención do persoal da universidade socia que se desprace á Universidade da Coruña. Só poderá asistir unha persoa por institución de orixe. Os gastos xustificaranse de acordo co establecido no apartado 9 desta convocatoria.

A distribución para a acollida de membros doutras institucións non poderá exceder de 1500 € por reunión e 500 € por participante.

Para os efectos do cálculo da axuda final, os máximos para xustificar os conceptos de aloxamento e manutención serán os correspondentes aos publicados no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón del servicio e normativa autonómica nesta materia.

4. SOLICITUDE

Xunto coa solicitude achegarase a documentación seguinte:

- Unha memoria breve da actividade que se vai desenvolver en que se deben especificar:
 1. No caso do apartado 2.A das normas que rexen esta Acción I, os seguintes datos: a) Relación de institucións socias que pretenden presentar a solicitude; b) Acción financiada pola UE a que se pretende presentar o proxecto; c) Descrición do proxecto e dos seus obxectivos.
 2. No caso do apartado 2.B das normas que rexen esta Acción I, os seguintes datos: a) Relación de institucións socias que pretenden presentar a solicitude; b) Resolución en que conste a concesión da axuda por parte da UE; c) Xustificación da necesidade da reunión ou evento e da ausencia de financiamento con cargo ao orzamento do proxecto.
- De ser o caso, a conformidade do centro, departamento, grupo ou instituto da UDC.
- No caso de reunións ou eventos no estranxeiro, unha carta de invitación da entidade ou institución organizadora da reunión.



ACCIÓN II ESTABLECEMENTO OU SEGUIMENTO DE TITULACIÓNS DUPLAS OU CONXUNTAS

1. OBXECTIVO

A oferta de titulacións conxuntas, duplas ou múltiples internacionais constitúe a fórmula máis estruturada de internacionalización das titulacións. Este programa pretende facilitar a organización de actividades de preparación de titulacións internacionais de grao e posgrao, incluíndo a preparación de propostas no programa ERASMUS+, "Joint Master Degrees", Erasmus Mundus, European Universities, etc. que recoñezan a Universidade da Coruña como coordinadora ou como socia doutra institución.

2. PROPOSTA

1. Poderán propoñer estas axudas o decanato ou dirección do centro que pretenda implantar a titulación dupla ou conxunta, ou o coordinador da titulación nomeado polo centro.

2. Estes mesmos suxeitos poderán pedir as axudas cando estas se soliciten co obxecto de facer o seguimento ou negociar modificacións en relación cunha titulación internacional xa existente.

3. Só se concederá unha axuda por reunión/destino.

3. TIPOS DE AXUDA

A) Axuda para o desprazamento do persoal da UDC ao centro de destino; os gastos elixibles serán gastos de viaxe, aloxamento e manutención. O importe máximo da axuda será o seguinte :

DESTINO	IMPORTE
España e Portugal	400 €
Escandinavia, Polonia, Romanía, Hungría, Bulgaria Turquía e Países Europeos ao leste destes últimos	1000 €
Resto de países de Europa e Norte de África	800 €
América	1500 €
Asia, Oceanía, África Sur	1700 €

B) No caso das axudas para a organización de reunións na UDC, os gastos elixibles serán gastos de viaxe, aloxamento e manutención do persoal da universidade socia que se desprace á Universidade da Coruña. Só poderá



asistir unha persoa por institución de orixe. Os gastos xustificaranse de acordo co establecido no apartado 9 desta convocatoria.

A distribución para a acollida de membros doutras institucións non poderá exceder de 1500 € por reunión e 500 € por participante.

Para os efectos do cálculo da axuda final, os máximos para xustificar os conceptos de aloxamento e manutención serán os correspondentes aos publicados no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón del servicio e normativa autonómica nesta materia.

4. SOLICITUDE

A) No caso de reunións ou eventos relativos a titulacións que aínda non existen, xunto coa solicitude presentarase a documentación seguinte:

- Breve memoria da titulación proposta, coa indicación dos socios, e unha breve descrición da posible estrutura do plan de estudos.
- Carta de intención das universidades participantes confirmando a súa decisión de tomar parte na titulación conxunta proposta.

B) No caso de titulacións xa existentes, xunto coa solicitude presentarase a documentación seguinte:

- Breve memoria que describa o obxectivo da reunión ou evento en relación co seguimento, evolución e novas necesidades da titulación internacional existente.



ACCIÓN III MOBILIDADE DOS DOCENTES QUE PARTICIPAN NOS PROGRAMAS DE DOCENCIA EN INGLÉS DA UDC

1. OBXECTIVOS

A Universidade da Coruña nos últimos anos puxo en marcha unha serie de programas académicos de docencia en inglés no marco das súas titulacións oficiais. Mediante estes programas trátase de incrementar de xeito significativo o atractivo da UDC para os estudantes internacionais e o impacto da institución no EEES. O obxectivo final é contar cunha universidade máis internacionalizada en que o estudantado teña as máximas oportunidades para adquirir as competencias sociais, culturais e lingüísticas que se requiren para o óptimo desenvolvemento da vida profesional nun mundo globalizado.

O plan de desenvolvemento dos programas en inglés baséase no principio de maximizar as competencias para a docencia en inglés xa existentes no seu persoal docente, promovéndooas e tratando de as mellorar. A presente Acción III pretende ser un dos instrumentos tendentes a conseguir este obxectivo de mellorar as competencias dos docentes dos programas en inglés, neste caso mediante o financiamento de estadias breves de carácter docente en inglés, en institucións estranxeiras.

A presente Acción III persegue, ademais, que as estadias se desenvolvan no marco de programas estables de cooperación docente, buscando na medida do posible o cofinanciamento das actividades. Por conseguinte, a finalidade da Acción é tamén a de fortalecer os vínculos entre a UDC e as institucións de acollida, creando relacións internacionais especiais que permitan aos distintos centros implicados desenvolver, ao tempo que mellorar as competencias dos seus docentes, a súa propia estratexia de internacionalización.

2. PROGRAMAS ESTABLES DE INTERCAMBIO

1. A presente acción ten como obxecto o financiamento de programas estables de intercambio.

2. Enténdese por programa estable de intercambio aquel que ten a vocación de se manter vixente ao longo de varios cursos académicos, como parte da oferta académica ordinaria da institución de acollida.

3. Na medida do que sexa posible, debe buscarse que o programa estable de intercambio sexa cofinanciado pola institución de acollida. O modelo ideal de programa estable é aquel que á institución de acollida lle interesa introducir na súa oferta académica con certa permanencia, e polo que estaría disposta a ofertar aloxamento aos profesores nas súas residencias. Deste xeito o profesor podería pagar con cargo á axuda da UDC os seus gastos de viaxe e parte da súa manutención, mentres que a institución de acollida se faría cargo do aloxamento aos profesores nas súas residencias.



4. Sempre que sexa posible, por existir convenio Erasmus+ de mobilidade para intercambio de persoal docente coa institución de destino con prazos dispoñibles, os docentes que participen nesta acción tramitarán a súa estadia como intercambio Erasmus+ de natureza docente.

3. BENEFICIARIOS DA ACCIÓN

As persoas beneficiarias da acción son, única e exclusivamente, os profesores e profesoras que participan nos programas de docencia en inglés ou de apoio á docencia en inglés á que se refire a presente acción. No momento de publicar esta convocatoria estes centros son:

- ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos (Grao en Tecnoloxías da Enxeñaría Civil)
- Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (Mestrado en Materiais Complexos)
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (grao bilingüe en ADE y Economía)
- Facultade de Ciencias (graos bilingües en Química e Bioloxía e Mestrado en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental)
- Facultade de Dereito (grao bilingüe en Dereito)
- ETS de Arquitectura (grao bilingüe en Arquitectura)
- Facultade de Informática (grao bilingüe en Enxeñaría Informática, Mestrado en Computación de Altas Prestacións, Mestrado en Bioinformática, Mestrado Visión por Computación e Mestrado en Intelixencia Artificial)
- Facultade de Ciencias da Educación (para as materias impartidas en inglés)
- Facultade de Humanidades: (Grao en Xestión Industrial da Moda)
- Profesorado que desenvolve o PALDI
- Facultade de Socioloxía (Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria)

O/a solicitante debe velar por establecer quendas entre o profesorado que imparte esta docencia ou a apoia, de tal xeito que todos eles poidan tomar parte nun momento ou noutro, se así o desexan, no presente programa de mobilidade.

4. SOLICITANTES

Os/as coordinadores/as das titulacións en que se impartan os programas en inglés poderán propoñer estas axudas; no caso de se tratar dun centro con máis dunha titulación que inclúa un programa en inglés, a proposta corresponderalle ao decanato ou dirección do centro. No caso do programa de apoio á docencia en inglés será o/a coordinador/a do dito programa a persoa encargada de presentar a proposta. Cómpre que as propostas inclúan unha

listaxe de posibles beneficiarios suplentes tal e como se indica no anexo 2 da presente convocatoria.

Cada centro poderá beneficiarse, como mínimo, de dúas axudas que se irán concedendo por orde de recepción.

